



MINUTA-BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE VIMIANZO DE DATA 17/12/2015

Na vila de Vimianzo, ás trece horas e trinta minutos do día dezasete de decembro de dous mil quince, na sala de sesións da casa do Concello, constitúese en primeira convocatoria o Pleno do Concello ao obxecto de levar a cabo a sesión extraordinaria convocada para este día.

Asisten os seguintes membros:

D. Manuel Antelo Pazos, alcalde
D. Fernando Mancebo Amigo
D. José Trillo Lema
D^a. Marta Rey Lema
D^a. María José Ramos Rey
D. José Antonio Vidal Mira
D^a. María Élda Pequeño Lorenzo
D. Anselmo Ramos Martínez
D. Mario Andújar Mouzo
D^a. Mónica Rodríguez Ordoñez
D^a. Raquel Rodríguez Amigo
D^a. Paula Mouzo Maceiras
D. José Manuel Rodríguez Blanco

Secretaria acumulada: D^a Rocío Hermida Cancela
Interventor acctal.: D. José Domingo Rodríguez Ferreira

ORDE DO DÍA

A) Sección resolutiva

- 1º. Participación no "Plan de aforro e investimento (PAI) Complementario 2015" da Deputación Provincial da Coruña
- 2º. Participación no "Plan de acción social (PAS) 2015" da Deputación Provincial da Coruña
- 3º. Aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2016

De seguido comézase coa deliberación dos asuntos da Orde do Día.

1º. Participación no "Plan de aforro e investimento (PAI) Complementario 2015" da Deputación Provincial da Coruña

Dase conta da proposta da Alcaldía, de data 10 de decembro de 2015, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Obras e Urbanismo o día catorce de decembro de dous mil quince que se transcribe literalmente:

"(...) PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: Participación no "Plan de aforro e investimento (PAI) Complementario 2015" da Deputación Provincial da Coruña

Vista a Circular remitida pola Deputación e recibida neste concello o 13 de outubro de 2015, con rexistro de entrada nº 7907, sobre aprobación da modificación das bases reguladoras do Plan de aforro e investimento PAI 2015, na sesión plenaria da Deputación provincial da Coruña, celebrada o 08 de outubro de 2015.

Visto o proxecto redactado polo arquitecto D. Maximino M. Aguiar Baña, con rexistro de entrada nº 9329/2015.

Tendo en conta que o prazo de presentación de solicitudes remata o 18 de decembro de 2015 ás 14:00 horas.

Por todo o anteriormente exposto, elevo ao Pleno, previo ditame da Comisión Informativa de Urbanismo e Obras, a seguinte proposta:



1.-Aprobar o Plan complementario ao **Plan de Aforro e Investimento (PAI) 2015**, cuxas bases modificadas (aprobadas polo Pleno desta deputación o 08/10/2015) se coñecen e aceptan na súa totalidade, no que se recollen as obras e subministracións que o Concello ten previsto realizar e que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións:

Denominación da obra ou subministración	Orzamento
Obras de mantemento e mellora de estradas de titularidade municipal nas parroquias de Baíñas e Calo	35.000,00
TOTAIS	35.000,00

2.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución das obras e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal das obras incluídas no Plan Adicional do 2015 se a houbera.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento ou, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a súa execución, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6.- Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social

7.- Facultar expresamente á Alcaldía do concello para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente."

Intervén o Sr alcalde: este era un Plan do 2015 se baseaba na dispoñibilidade duns préstamos a interese cero, carencia dous anos para facer obras, daquela non estaba previsto un complementario, agora si por eso levamos esta obra coas baixas nas licitacións que houbera.

D.^a Paula Mouzo Maceiras: o PSOE está a favor desta proposta de todas formas pedimos que ante novos plans, subvencions, acordos ou convenios se teña en conta tamén e ampliar mais núcleos de poboación como Santa Comba de Baiñas, Suberio etc seguir traballando para facilitar os veciños e os nucleos esten mellor.

D.^a Raquel Rodríguez Amigo: no PP estamos a disposición de tódalas obras do Concello.

D. José Manuel Rodríguez Blanco: vou apoiar este plan, pediría que a partida mais grande é para Orbellido, intentar deixala decente aínda que me parecen poucos cartos.

D.^a Mónica Rodríguez Ordoñez: estamos a favor, son dous puntos de actuación urxente, e xa debería estar feita fai tempo, a crítica sobre esta memoria é que vendo a execución material arreglar todo Orbellido con eses cartos eu non son técnica pero son obras que se fan pero que perduren tempo, son zoas onde teñen uso importante de maquinaria de peso e debería facerse con certa calidade, me gustaría telo en consideración para outras non como as da campaña que se fixeron de prisa e correndo.

Sr alcalde: a obra que se fixo non sei a cal se refire porque foron varias e están todas ben salvo os efectos da chuvia en pistas de zahorra pero non me constan desperfectos, neste pleno se aproban obras por 1.200.000 euros, sabemos que hai moitas necesidades que recollemos pero non vou facer como vostede e dicir que o que o fixo anterioremente non o fixo coa calidade debida.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba o ditame da comisión, elevándoo a acordo nos seus propios termos.



2º. Participación no "Plan de acción social (PAS) 2015" da Deputación Provincial da Coruña

Dase conta da proposta da Alcaldía, de data 10 de decembro de 2015, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Obras e Urbanismo o día catorce de decembro de dous mil quince que se transcribe literalmente:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: Participación no "Plan de acción social (PAS) 2015" da Deputación Provincial da Coruña

Vistas as "Bases reguladoras do plan de acción social (PAS) 2015" aprobadas polo Pleno da Deputación Provincial de Coruña o 08 de outubro de 2015 (publicadas no BOP nº 196 do 14 de outubro de 2015), a Circular remitida ao Concello de Vimianzo con RE nº 7896, de 09 de outubro de 2015 pola que se asigna ao Concello a cantidade de 516.381,45 euros para o PAS do ano 2015, e a Resolución pola que se aproba a interpretación das bases reguladoras do Plan de Acción Social (PAS) 2015 (RE 8651 do 04 de novembro de 2015).

Vistos os proxectos de obra redatados polos arquitectos D.Emilio Argiz Vázquez e D.Manuel Varela Iglesias, D. Vicente Rivas Negreira, D.Daniel Beiras Gª-Sabell e D.David Estany Garea e D. Maximino M. Aguiar Baña e polo enxeñeiro técnico industrial, D.Martín Lema Pose.

Tendo en conta que o prazo de presentación de solicitudes remata o 18 de febreiro de 2015 ás 14:00 horas.

Por todo o anteriormente exposto, elevo ao Pleno, previo ditame da Comisión Informativa de Urbanismo e Obras, a seguinte proposta:

1.- Participar no **Plan de acción social (PAS) 2015** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se cofecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da subvención asignada aos seguintes investimentos financeiramente sostibles, de acordo co financiamento que se especifica, aprobando os seus proxectos das obras ou pregos das subministracións:

A) Investimentos financeiramente sostibles de carácter social:

Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
Obras de arranxo da Casa de Cultura de Vimianzo	88.745,31	0,00	88.745,31
Acondicionamento de parque e aparcadoiro en Cereixo	104.346,38	0,00	104.346,38
Rehabilitación do centro social-escola unitaria de Carantofía e equipamento de parques infantís en Carantofía, Tines e Pasarela	55.653,63	0,00	55.653,63
Arranxo do polideportivo de Vimianzo e cubrición de ámbito anexo	61.100,00	0,00	61.100,00
SUBTOTAL INVESTIMENTOS DE CARÁCTER SOCIAL	309.845,32	0,00	309.845,32

B) Outros investimentos financeiramente sostibles:



Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
Mellora do sistema de saneamento do Concello de Vimianzo	55.000,00	0,00	55.000,00
Mellora de firme de estrada municipal entre Tines e Quintáns (Treos)	151.536,13	0,00	151.536,13
SUBTOTAL OUTROS INVESTIMENTOS	206.536,13	0,00	206.536,13

C) Resumo:

Denominación da obra	Deputación	Concello	Orzamento total
SUBTOTAL INVESTIMENTOS DE CARÁCTER SOCIAL	309.845,32	0,00	309.845,32
SUBTOTAL OUTROS INVESTIMENTOS	206.536,13	0,00	206.536,13
TOTAL	516.381,45	0,00	516.381,45

2.- Aprobar o Plan complementario no que se inclúen as obras ou subministracións de carácter social que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións:

Investimentos financeiramente sostibles de carácter social	Orzamento
Mellora de área deportiva municipal coa pavimentación de pista polideportiva descuberta	59.769,33
Rehabilitación de fachadas do centro social-escola unitaria de Ogas-Cambeda	30.036,10
TOTAIS	89.805,43



- 3.- Declarar que o Concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.
- 4.- Comprometerse o Concello, no seu caso, a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal das obras incluídas neste Plan se a houbera.
- 5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste Concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.
- 6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento do investimento ou, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións para a súa execución, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.
- 7.- Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- 8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente."

Intervén o Sr alcalde hai tres proxectos que se presentan de novo por cuestión formal, partidas que se referían a marcas, que non pode ser, por exemplo un baño roca ou similar e correxiron tamén a ubicación de prazo de execución que non estaba na memoria senón noutro apartado pero o proxecto é o mesmo, o de cereixo, parques infantís o da escola, os outros están obras como Casa da Cultura que a empresa constructora non se fixo cargo e o fará o Concello e logo o repercutirá na empresa, son temas de humidades, o aparcadoiro de Cereixo coa idea de que esté dipoñible para o 25 de xullo, a rehabilitación da escola de Carantoña será cambiar ventás, e adecentar aquilo tamén o parque infantil e en Tines e Pasarela incorporar algún xogo mais, o aranxo do polideportivo de vimianzo é un compromiso coa consellería de educación cando tivemos a reunión e se falou do famoso patio cuberto pero a indicación do delegado era arranxar as humidades e eles farían os accesos para que os autobuses entraran por detrás e teren os nenos unha entrada inmediata, nos estamos cumprindo, que conste que as relacións con este xefe territorial de educación son moi adecuadas, a miña satisfacción de que cando se plantexa un problema ter a solución rápida como na escola unitaria de Carnés e no Colexio de Baiñas. Tamén pretendemos cubrir a pista de padel. Os investimentos de carácter social cumprir cos parámetros de Augas de Galicia cos verquidos, a principal é a de Braño, o segundo proxecto é a continuidade e segunda fase dun proxecto que se dou moito que falar, o ensanchamento entre Treos e Tines, primeiro eso e agora mellorar o pavimento, lembrar que temos pendente de licitación o ensanchamento entre Tines e Bamiro e temos unha boa parte da estrada en condicións de usala, seguimos coas negociacións para falar da transferencia. Os complementarios de carácter social o adecentamento da pista que está no campo de fútbol semi-abandonada e poñer un pavimento adecuado para poder utilizar como fútbol sala, baloncesto, tenis etc e arranxar a escola unitaria de Cambeda cunha fachada ventilada para evitar humidades e pintar e reparar un pouco por dentro. Isto todo suma casi 600.000 euros, medio millón para os principais proxectos e cerca de 90.000 para os complementarios.

D^a. Paula Mouzo Maceiras: o PSOE non vai dicir que non as planificacións positivas, agradecer que se inclúan propostas que levábamnos no programa electoral de maio, as obras parecen ben, so facer unha puntualización nos saneamentos vamos a intentar cando se fagan que queden ben, que non pase como no centro de Braño que hai diferencias entre o asfalto e o saneamento, que cando sexa posible ante novos plans ou convenios, sería importante ter en conta os saneamentos no centro do pobo de Vimianzo que ten falta de renovarse, e ampliálo a todas as parroquias, nos gustaría que se tivera qen conta a ubicación de contenedores para reciclaxe sempre tan demandado polos veciños, tamen ter en conta beirarrúas e demais, intentar loitar para mellorar as condicións nas catorce parroquias, é un Concello moi extenso. Nos apoiamos.

D^a. Raquel Rodríguez Amigo: todo o que sexan obras para o Concello está ben, meto de menos arranxos na escola unitaria de Carnés que está entrando auga e tamén no anexo na de Castromil que entra auga, dentro non sei si teñen algun remanente para esas obras.



D. José Manuel Rodríguez Blanco: neste caso vou dar o apoio a estas obras que son importantes, pero faría fincapé que estes 150.000 euros nesa carretera de Tines a Treos agora o alcalde de Dumbría e Zas non dirán que non porque en parte lles afecta.

D.ª Mónica Rodríguez Ordoñez: neste caso, vou usar a mesma argumentación que para o anterior, aquí nos trae 13 proxectos que son benvidos pero tamen nos gustaría que nos chegara algún acordo para conseguir diálogo, aparte deso, non estamos en contra, son obras que se necesitan, si estamos a favor, metemos de menos unha mellor calidade e no me repita o de antes, porque as partidas dos proxectos as marca o goberno, a veces é mellor non tocar 13 cousas e tocar 10 e facelas ben, porque obras suas xa foron arranxadas, meto de menos especialmente unha, sabemos que a negociación en relación o patio non camiñaron moito, por favor invito a que vaia un día o colexio e ver como entran e saen os nenos, o acceso é unha pena, todas as mañans con problemas e tratemos que se meta esa obra de forma inminente, e se tomen medidas. Analizando os proxectos, chócame que temos cinco técnicos no Concello, e temos que costearnos estes proxectos con externos e tamén me gustaría que os limitasen aos do Concello, aquí se conta con tres técnicos e se queremos compartir e si o urbanismo está atascado contemos cos do Concello, aproveitando neste tema cando a deputación dé luz verde e empezar cas licitacións que as invitacións temos moitas empresas e poder invitalas, pola mañan tuven nunha mesa de contratación e ningunha do Concelo de Vimianzo que vostede moito presumía e criticou debería tomar nota. Por ultimo a referencia que fixo vostede a obra de Treos, este grupo foi crítico pero pedimos que se fixera menos e ben, dese conta de cómo se remataron as cunetas e agora fan o que antes reclamamos e si negociamos co Sr Pequeño e o alcalde de zas, podíamos gastar este diñeiro noutro proxecto, estamos a favor e facemos fincapé neste.

D. Fernando Mancebo Amigo: creo que é imposible ter un Pleno normal neste Concello, o seu Sra Mónica é vicio fai referencia as obras que facemos nos que son de poucos cartos, mire a mais grande do Concello e a casa da cultura de 3.000.000 de euros, en canto os investimentos, o tema do colexio o podo compartir eu tamén teño unha filla e sei o problema pero si un Sr da Xunta nos di que non podemos facer ese arranxo, xa tiñamos un proxecto e dixeronnos que non, e que consideraban que non era necesario que xa buscarían solución. Os técnicos externos, porque nos sae moi barato, tendo en conta o que pasou cos redactados polos tecnicos do concello que nos sairon ben caros como a Casa da Cultura de vimianzo e Baiñas, no tema da obra, foi a mais famosa a ampliación da carreterra de Baiñas, poñeremos o noso grao de area e non renunciar a pedir, dende a deputación o Sr Diego nos pedia aportar algo e por eso collemos os fondos dos plans, que podíamos facer outros moitos, pode ser, se incluírán noutros plans o mais importante é a capacidade do Concello para destinar os cartos a eses plans. A maior parte dos recursos a investimentos.

O **Sr alcalde** procede a outorgar un segundo turno de intervencións, fai uso de tal turno Dª Mónica Rodríguez Ordoñez e di que lle gustaría intervir neste turno pero para empezar a guerra nada, o Sr alcalde contesta que si quer falaro ao que a Sra Rodríguez di que no.

O **Sr alcalde** di que agradece que voten a favor que é a primeira vez que saen en conxunto as obras, agora que non fai falta, respecto o que decía dos contenedores, o saneamento de Vimianzo estamos tratando un plan supramunicipal que vostede saberá e temos o horizonte de comenzar, respecto do saneamento non é que esté mal senón mal planificado, cando cae moita auga é porque non hai niveles suficientes e non evacuan ben e sobre todo que temos unha rede sin separar pluviais que tamen haberá que abordar, as humedades da escola de Carnés estamos neso tamén o pode facer o Concello perfectamente e tamén na cuberta en Castromil, despois mire, Sra portavoz de Independentes por Vimianzo esto é gracias a que houbo un cambio na Deputación, porque estes recursos antes iban para cidade Coruña, Santiago e Ferrol que estaban gobernados polo PP, menos mal que houbo un cambio e fixo un reparto equitativo non como antes, que tiñas unha persoa que viña a insultar e que nunca recibiu o alcalde a pesares de solicitalo centos de veces, o Sr Diego que ven a insultar o alcalde a Vimianzo, estou contando unha realidade, e menos mal que houbo cambio senon estes recursos irían a outros sitio aparte de en convenios discrecionais apoiando a gobernos da mesma cor política e non digo nada novo que esto sábeo todo o mundo. Temos capacidade para mais, un convenio de 175000 euros polo que se repararan pistas forestais que xa puxemos de 2 e 3 quiloómetros, no tema do patio cuberto vostede tivo información por tres vías, comenteino e volví a comentar hoxe as dificultades para comenzar unha obra da que non somos competentes, e que necesitamos autorización da xunta e tendo o conseguinte reparo de intervención e secretaria en caso contrario. A solución do xefe territorial é boa solución, de todos modos non é un problema que xurdira



neste momento, sempre sucediu, trataremos que teñan un sitio onde esparcirse, e arranxar as humidades e o mesmo tempo que o xefe territorial faga os arranxos para que os autobuses entren pola parte de atrás sin problema, é ironía que vostede diga que non invitamos a empresas de vimianzo, unha das primeiras revolucións que fixemos foi esa, pero non todos os traballos poden ser feitos por empresas de Vimianzo procuramos contar con elas sempre, ese é o noso criterio de actuación e foi un factor tremendo de credibilidade política, Diálogo sempre, é facil pedilo cando non é necesario cando era necesario non era o goberno quen o rompía, aínda recordo a reunión da alcaldía e a saída e chegamos o Pleno e acabou estando solo o grupo de goberno, a crítica constructiva é necesaria.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba o ditame da comisión, elevándoo a acordo nos seus propios termos.

3º. Aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2016

Dase conta da proposta da Alcaldía, de data 10 de decembro de 2015, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Obras e Urbanismo o día catorce de decembro de dous mil quince que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2016

Vistas as “Bases reguladoras do plan provincial de cooperación as obras e servizos de competencia municipal (POS) 2016” aprobadas polo Pleno da Deputación Provincial de Coruña o 08 de outubro de 2015 (publicadas no BOP nº 196 do 14 de outubro de 2015), e a Circular remitida ao Concello de Vimianzo con RE nº 7895, de 09 de outubro de 2015 pola que se asigna ao Concello a cantidade de 378.679,73 euros para o POS do ano 2016.

Vistos os proxectos de obra redatados polos arquitectos D. Vicente Rivas Negreira, D.Daniel Beiras G^a-Sabell e D.David Estany Garea e D. Maximino M. Aguiar Baña e polo enxeñeiro técnico industrial, D.Martín Lema Pose.

Vista a documentación xustificativa da porcentaxe do plan que se destina polo Concello a gastos correntes durante o exercicio de 2015, segundo consta no informe emitido pola Intervención municipal o 04 de decembro de 2015, conforme ao modelo do anexo V.

Considerando o disposto na Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local.

Esta Alcaldía realiza a seguinte PROPOSTA ao Pleno, previo ditame da Comisión Informativa Permanente de Urbanismo e Obras:

1.- Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2016** da Deputación provincial da Coruña, cuxas bases se cofecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos investimentos e, no seu caso, ao financiamento dos gastos correntes do exercicio 2016, e de acordo co financiamento que se indica:

A) Realización de obras e subministracións:

Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
Mellora de acceso principal e a cuberta da Casa do Concello	33.393,73	0	33.393,73
Aula da Natureza na área recreativa da presa do Val	125.768,07	0,00	125.768,07



Creación de unha área recreativa na contorna do muíño das Pasantes	31.500,00	0,00	31.500,00
SUBTOTAL OBRAS / SUBMINISTRACIÓNS	190.661,80	0,00	190.661,80

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións incluídos na anualidade 2016 e que se relacionan nesta táboa.

B) Financiamento de gastos correntes:

Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes	188.017,93
SUBTOTAL GASTO CORRENTE	188.017,93

C) Resumo:

SUBTOTALS	Deputación	Concello	Orzamento total
SUBTOTAL OBRAS / SUBMINISTRACIÓNS	190.661,80	0,00	190.661,80
SUBTOTAL GASTOS CORRENTES	188.017,93	0,00	188.017,93
TOTAL	378.679,73	0,00	378.679,73

2.- Aprobar o Plan complementario do ano 2016 no que se inclúen as obras ou subministracións que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións:

Denominación da obra ou subministración	Orzamento
Reforma de alumeadado público exterior do Concello de Vimianzo	35.000,00
TOTALS	35.000,00



- 3.- Declarar que o Concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.
- 4.- Comprometerse o Concello a incluír no orzamento municipal do 2016 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal das obras incluídas na anualidade do 2016 se a houbera.
- 5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste Concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.
- 6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento do investimento ou, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións para a súa execución, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.
- 7.- Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- 8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente."

Intervén o Sr alcalde: a cantidade total destinado a obras entre todos estes plans son casi 1300000 euros, a gastos correntes, os proxectos consideramos que a casa do concello necesita un arranxo dende o ano 75 que se construiu, é necesario aranzar entrada con portas que abren e pechen e as xanelas da parte de abaixo que non son sostibles enerxeticamente, a aranzar humidades na cuberta que dentro de 5 ou 10 anos haberá que aranzala totalmente. Despois a aula da natureza é unha demanda importante da parroquia de Baiñas e da contorna, por varios motivos, a creación da area recreativa no muiño das pasantes, que practicamente está no casco urbano que complementaríase un paseo etnográfico importante, eles aranzan o muiño. O complementario pretendemos optimizar elementos eléctricos de iluminación pública que permiten aforro a medio, longo e corto prazo,

D^a. Paula Mouzo Maceiras: estamos a favor con estas propostas, é de agradecer este cambio de goberno na deputación, sei que Pequeño tirou moito pola costa da morte para que viñeran mais cartos que antes, estas propostas están moi ben, poñería en falta algunha en Bamiro e Piroja, mirar pola creación do entorno na beira do río aproveitando o entorno e acondicionando o campo da feira, pensamos que a Piroja debería cuidarse un pouco mais, tamén unha unión entre Dumbria e Vimianzo, adecentar un pouco porque se nota moito o cambio, unha petición que me fixeron reiteradamente, os veciños de Pasarela piden a unión das beurrarrúas de Pasarela coa senda de Calo que se faga nun futuro próximo e incluso tamen en Carnés síguense demandando entre a igrexa e cemiterio o acondicionamento entre outras propostas, de momento benvidos sexan estes cartos e mais para adiante mellorar a situación dos vecios do concello

D^a Raquel Rodríguez Amigo: mal que lle pese vou votar a favor que parece que lle molesta, cantos mais cartos veñan mellor, si a deputación está tan mellorada oxalá mande o dobre de cartos, eso que vostede di que llo crea que queire, sempre estamos co pasado e dentro de vinte anos seguiremos co pasado, hoxe aquí estamos debatindo obras, o que metemos de menos é un pouco de diálogo e si nos pide opinión, non fago críticas persoais nin quen estivo antes gobernando, se trata de mellorar as condicións do concello e invertir o máximo.

D. José Manuel Rodríguez Blanco: unha aclaración antes votamos en contra pero con 4 concelleiros era a súa labor como agora está a pasar na deputación, vostede antes non quixo chegar a acordos, seguramente. Ten que entender a postura de Independentes por Vimianzo eu entendo que ca maioría pode facelo, é importante tamén que temos que tomar unha decisión coa Casa da Cultura de Baiñas porque da unha imaxen malísima. Incluso deben facer o mesmo que din da Casa da Cultura de Vimianzo aranzar e logo pedir o constructor.

D^a Mónica Rodríguez Ordoñez: a crítica na mesma linea non entrar na guerra sangrienta, mentir é facil, e gústalle moito, aquí hai 5 técnicos, dous son os mesmos non entremos en detalles que nos prestamos a moitas cousas, non falemos de 7 ou 8, no veña o Sr Mancebo a decir casi gratis, pero unha das visitas a expedientes que fixemos e iban 70000 euros, e outra cousa, esta mañan nunha mesa de contratación se invitaron a tres non de Vimianzo e capacitadas perfectamente para facelas, non diga que non teñen experiencia ou clasificación, vostedes son os que están invitando, repito e non pasa solo en esa, vostede xa sei que vai decir o que queire, o



que se gasta en esto está ahí non é o que diga mónica de independentes, despois, un matiz estas obras non imos votar en contra, ca necesidade de mellorar a iluminosidade do noso concello, este complementario que se dese acollida noutra obra.

Sr alcalde: solo duas cuestións o que dixo o Tte alcalde concordo totalmente con el, ahí temos a Casa da Cultura de Vimianzo, e os 700. 000 que reclamou a súa empresa, aquí non gustan as verdades, algunhas persoas está inhabilitadas políticamente, porque a súa empresa non quer facer as obras que ten que facer, non decir nada é ser irresponsable, o pasado a veces é presente o PP presentou unha denuncia contra o arquitecto e empresa, agora parece que está o seu lado, vivimos nun estado democrático, en Vimianzo hai democracia, dende que entrou este goberno as persoas de todos os signos políticos ven falar conmingo, insultar e chamar fascista o alcalde de vimianzo, esa é a política vella que en vimianzo fai catro anos que se superou como mentir e decir que os criterios da deputación de antes son os mesmos cos de agora, os do Pos agora obxetivos, antes se fixo para beneficiar a Cidade de Coruña e Ferrol con alcaldes o PP e había convenios en función da cor política, este goberno da deputación dixo que non iba existir mais convenios, e temos que esixir os nosos dereitos e a deputación reparte cartos que nos corresponden, do resto agradezo as propostas e falan de diálogo, preguntolle os compañeiros de grupo a decepción das comisión informativas que ninguen fai propostas nin presenta nada novo.

D^a Raquel Rodríguez Amigo: ven todo feito

Sr alcalde: Non se pode convocar sin ter todo rematado o expediente, eu non sei que lle pasa a vostede que ten portas abertas o dialogo nas comisións non aporta porpostas e non sei que pretende porque non a entendo, a min disgustame recordar o da Casa da Cultura pero non é pasado porque son 88000 euros que tiña que facer a empresa e se lle requiriu e non o fixo por eso digo que a portavoz de independentes por Vimianzo está inhabilitada para o discurso político. Agradezo que agora voten a favor cando antes o necesitabamos e votaban en contra.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba o ditame da comisión, elevándoo a acordo nos seus propios termos.

Sen máis asuntos que tratar, sendo as 14:35 horas, a presidencia remata a sesión e eu redato esta minuta-borrador a reserva dos termos que resulten da súa aprobación, en Vimianzo, o 17 de decembro de 2015.

Documento firmado digitalmente: CVD: fG19tHGT/QeR5Biltgo
CN=NOMBRE ANTELO PAZOS MANUEL - NIF 52432258D OU=703013342 OU=fnmt-clase-2 ca.O=FNMT.C=es
CN=HERMIDA CANGELA ROCIO - 32799516K. GIVENNAME=ROCIO. SURNAME=HERMIDA CANGELA. SERIALNUMBER=32799516K. C=ES
El documento consta de un total de: 10 página/s. Página 10 de 10.